


Oza Merece Máis!



Oza

O que urxe facer...

O concello de Teo sofre hoxe moitas eivas e problemáticas derivadas dun crecemento urbanístico desordenado e deshumanizado. Esta situación, unida á falta de proxectos globais que involucren a veciñanza asentadas nas zonas rurais, son causa importante do freo ao progreso integral de Teo.

*Ante esta situación, **desde o BNG queremos implementar unha serie de políticas activas de dinamización que consideramos esenciais para rachar cos nosos males endémicos e cohesionar as distintas parroquias nun único ente que sexa reflexo da súa pluralidade.** Estas medidas están recollidas no noso programa marco para Teo.*

O noso contrato con Teo é plural e debe ter en conta as necesidades específicas das distintas parroquias para non deixar a ninguén atrás.

Porque Teo merece máis, en Oza...

- ▶ Prestaremos especial atención ao coidado, asfaltado e mantemento de todas as pistas e aos desbroce e limpeza das cunetas.
- ▶ Negociaremos coa Deputación para conseguir a ampliación da estrada entre a rotonda dos Verxeis e Outeiro.
- ▶ Investiremos na conservación dos espazos públicos que hai na parroquia.
- ▶ Negociaremos coas empresas do servizo de transporte o horario dos autobuses, coa finalidade de atender as necesidades efectivas dos veciños e veciñas. Nas paradas de autobús poremos información sobre os horarios en que pasan os autobuses e faremos chegar a información a todos os habitantes da parroquia.
- ▶ Completaremos o cambio do alumeadado público de toda a parroquia ao sistema de díodos emisores de luz (led).
- ▶ Promoveremos un proxecto para dotar a todas as aldeas da parroquia do abastecemento de auga municipal.
- ▶ Investiremos recursos para conseguir completar a rede de saneamento en toda a parroquia.

Máis Concellos BNG!



- ▶ Promoveremos o desbroce e a limpeza arredor do río Tella para acceder aos vellos muíños e para poñer en valor os elementos culturais e naturais da parroquia.
- ▶ Negociaremos coa Xunta de Galicia e con todas as administracións que sexa necesario para poñer fin á contaminación que sofre o río Tella
- ▶ Trataremos de mellorar a seguridade viaria con sendas ou beirarrúas seguras.
- ▶ Colaboraremos na recuperación e potenciación do entroido tradicional.

Con esas propostas queremos dar **#unpasoadiante para que Oza avance** con Teo.



UN
NOVO TEO

PARROQUIA
A PARROQUIA

OZA